

CULTURA PARA A VIDA MELLOR

CULTURA E SAÚDE COMUNITARIA

Como podemos colaborar desde a cultura, a saúde e os coidados para mellorar o benestar da comunidade?

Participar nunha actividade cultural, crear con outras persoas ou atopar un espazo no que sentirse parte da comunidade pode contribuír ao noso benestar. Como favorecer esas oportunidades desde unha biblioteca, unha asociación, un centro de saúde ou un pequeno espazo cultural? Esta xornada ofrece un lugar de encontro entre profesionais da cultura, da saúde e dos coidados para explorar colaboracións próximas á vida cotiá, tamén para quen traballa a pequena escala.

Combinaremos experiencias profesionais con conversas e traballo en grupos pequenos, nos que poderás compartir a túa práctica e contrastar dúbidas. Achegarémonos a propostas que conectan as persoas cos recursos culturais da súa contorna, cunha linguaxe accesible e atendendo ás posibilidades da cultura e aos seus límites. Colaborar no ámbito da saúde require comprender o papel de cada profesión e construír relacións de confianza e responsabilidade.

Queremos que saias con inspiración, criterios e ferramentas para explorar colaboracións e novas conexións con persoas doutros ámbitos. Porque contribuír ao benestar dunha comunidade empeza moitas veces por algo próximo: profesionais que comparten a preocupación pola vida das persoas, atopan tempo para falar e deciden facer algo xuntas.

Sábado 17 de outubro de 2026 · 10:00 a 18:00 h

Recepción desde as 9:30 h.

Sala Juanjo Gallo · Deputación da Coruña

Avenida Porto da Coruña, 2, 6º andar. A Coruña.

Participación gratuíta, con prazas limitadas. Solicitude de inscrición por orde de chegada e confirmación de praza. Podes solicitar asistencia a unha das xornadas ou ás dúas de maneira independente.

Información e inscrición: aculturaeundereito.gal/xornadas/

Organiza:



Inscricións e información en:
aculturaeundereito.gal

PROGRAMA

SÁBADO 17 OUTUBRO 2026 · Cultura e saúde comunitaria

- 09:30 h** **Chegada e acollida**
Recepción e acreditación das persoas participantes.
- 10:00 h** **Benvida institucional**
A cargo da Área de Cultura da Deputación da Coruña.
- 10:15 h** **Presentación da xornada e rolda inicial**
Enfoque, obxectivos e dinámica de traballo. Presentación das persoas e entidades participantes.
- 10:30 h** **Cultura e saúde comunitaria: perfís profesionais, claves e condicións para colaborar**
Diálogo sobre posibilidades, condicións e responsabilidades da colaboración.
- 11:45 h** **Da prescrición cultural á práctica**
Experiencias para conectar cultura, saúde e comunidades.
Fátima Vieira é profesora catedrática da Universidade do Porto e unha das impulsoras do Consórcio de Prescrição Cultural da Rexión Norte de Portugal. Achegará a experiencia de como se está a construír alí a colaboración entre institucións culturais, universidades e profesionais da saúde, coas preguntas e dificultades que abre ese proceso. Poñeremos esta experiencia en diálogo co contexto galego para explorar que aprendizaxes poden ser útiles aquí e que diferenzas debemos ter en conta.

Marta Font Cifré é directora de Gertu Kultura e directora estratéxica de K6 Gestión Kultural. Traballa en procesos que conectan entidades culturais e sociais co ámbito da saúde, incluída a colaboración con Osakidetza, o servizo vasco de saúde. Compartirá como se están a afrontar estas relacións no contexto vasco: que necesita cada parte, que obstáculos aparecen e como acompañar a participación. A conversa permitirá contrastar esas aprendizaxes coas experiencias das persoas participantes e coas posibilidades de colaboración en Galicia.
- 13:00 h** **Saída cara ao espazo do encontro informal**
- 13:30 h** **Petiscos, café e conversa**
Ata as 15:00 h.
- 15:00 h** **Regreso á Sala Juanjo Gallo**
Ata as 15:30 h.
- 15:30 h** **Os retos compartidos**
Conversas en grupos pequenos para compartir experiencias e contrastar dúbidas.
- 16:30 h** **Aprendizaxes, riscos e alianzas posibles**
Continuamos o traballo compartido para identificar condicións e posibilidades de colaboración.
- 17:30 h** **Peche da xornada**
Posta en común. Finalización ás 18:00 h.

Organiza:



Inscripcións e información en:
aculturaeundereito.gal